



## as aplicacións máis innovadoras de Microsoft explícanse dende Vigo



### máis información

Krasis [[www.krasis.com](http://www.krasis.com)]

CampusMVP

[[www.campusmvp.com](http://www.campusmvp.com)]

os libros en:

Amazon

[[www.amazon.com](http://www.amazon.com)]

Barnes&Noble

[[www.barnesandnoble.com](http://www.barnesandnoble.com)]

Lulu [[www.lulu.com](http://www.lulu.com)]

Feed your brain<sup>®</sup> ou alimenta o teu cerebro é a frase que acompaña a portada dos oito libros que leva publicados ata o de agora Krasis, unha empresa afincada en Vigo que no 2007 puxo en marcha Krasis Press, a súa propia editorial especializada en tecnoloxías de Microsoft. O último libro, *Workflows and SharePoint: Going with the Flow*, escrito por Gustavo Vélez, está á venda a través de Amazon, un dos xigantes de internet. Se o título non che di nada, non é raro. Para empezar, ademais desta, só hai tres publicacións sobre o tema, todas elas escritas por norteamericanos. Krasis Press está especializada en libros moi técnicos, ben redactados e explicados, dirixidos a un público limitado. De aí que con este último se decidisen por iniciar a publicación en inglés e firmasen acordos de distribución con Amazon e Barnes&Noble, o que lles permite entrar nos mercados de EEUU, GB, Alemaña, Francia e Xapon.

A andaina de Krasis é a do seu director, José Manuel Alarcón, enxeñeiro industrial especializado en mecánica que nunca chegou a exercer. A mediados dos noventa mercou un ordenador persoal, interesouse pola linguaxe de programación e desenvolveu unha aplicación para simular os ciclos termodinámicos que segue a empregarse en Enxeñería. Logo de traballar como freelance para distintas empresas decidiu crear a súa, dende cero, "só, pero con moitas ganas", explica. No 2000 naceu Krasis Consulting, aínda que da consultoría tecnolóxica inicial só queda o nome, porque nestes escasos nove anos, Krasis converteuse nunha empresa

de referencia especializada en e-learning e e-marketing. A importancia de contar cunha estratexia de marketing para darse a coñecer levou a Krasis a desenvolver a súa propia ferramenta para boletíns electrónicos: MailCast. "A 'killer application' de Internet é o e-mail. Empregamos a rede para múltiples actividades, pero a que sobreviviu ás modas é o correo electrónico, que estou convencido de que vivirá unha segunda época dourada cos teléfonos móbiles e as tarifas planas".

Nos tempos que corren, de duros recortes orzamentarios en todos os sectores, a formación en liña tamén se resente, pero menos. "A formación presencial ten moitos inconvenientes, tanto para o profesor como para o alumno. Tempo, horarios fixos e desprazamentos... A e-learning permítenos liberar aos alumnos e ao profesor: chegas a máis xente co mesmo esforzo".

En Krasis prepáranse os contidos que se distribúen no CampusMVP, un campus virtual e selecto que imparten especialistas en ferramentas avanzadas de Microsoft (moitas delas aínda por implantar) distinguidos co premio MVP (Most Valuable Professional), que outorga Microsoft e que vén sendo o equivalente no sector ás estrelas da Guía Michelin para a hostalaría. A partir deste mes, Krasis será a responsable da formación on line en inglés dos partners de Microsoft en Europa. Aqueles que non se poidan apuntar, que estean atentos ás novidades editoriais que se agardan dende Vigo ata finais de ano. 